

Criterios xerais para a avaliación do alumnado	
Aspectos xerais	<p>AVALIACIÓN:</p> <p>Finalidade: Valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do <u>alumnado</u> e do exercicio da <u>práctica docente</u>.</p> <p>Avaliarase:</p> <p>Aprendizaxes do alumnado.</p> <p>Procesos de ensino e da propia práctica docente.</p> <p>Sinalaranse os indicadores de logro para recoller nas programacións docentes.</p> <p>Outros aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Procedemento de reclamación. - Valoración obxectiva e uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. - Atención ás diferenzas individuais (procesos avaliativos adaptados ás circunstancias do ANEAE).
Referentes	<p>Criterios de avaliación e los estándares de aprendizaxe para valorar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao de adquisición das competencias. - Logro dos obxectivos da etapa.
Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>O alumnado de ESO con algunha materia pendente poderá recuperala durante o curso a través da aplicación do plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación.</p> <p>En cada sesión de avaliación parcial farase o seguimento do plan de reforzo correspondente e, de ser necesario, os axustes que procedan. O devandito plan incorporará a realización dunha proba final antes de finalizar o mes de maio de 2022.</p> <p>De non recuperar a materia pendente antes da celebración da 3ª sesión de avaliación parcial, terá a oportunidade de recuperala a través das correspondentes actividades de recuperación (<i>traballos, probas etc..</i>) que se realizarán no período abarcado entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final.</p>
Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<p>PROMOCIÓN NA ESO</p> <p>Criterios de promoción dun curso a outro:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Superación de todas as materias ou ámbitos cursados. - Avaliación negativa en 1 ou 2 materias (do propio curso ou dos anteriores). - Con 3 ó máis materias deberá cumprir as seguintes condicións:

	<ul style="list-style-type: none"> + Que a media sexa igual ou superior a 5. + Que a natureza das materias non superadas permita seguir con éxito o curso seguinte. + Que haxa expectativas favorables de recuperación. + Que se considere que a promoción beneficia a evolución académica do alumno. <p>- <u>Plan de reforzo</u>: Aplicaraseó alumnado que acade a promoción de curso con algunha área/materia sen superar.</p> <p>- <u>Plan específico personalizado</u>: Aplicaraseó alumnado que non alcance a promoción, permanecendo un ano máis no mesmo curso.</p> <p>- <u>A permanencia no mesmo curso</u>, só será posible unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.</p> <p>- <u>Excepcional</u>: Permanencia un ano máis no 4º curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.</p>
<p>Criterios de Titulación</p>	<p>- Á finalización de 4º ESO tomarase mediante decisión colexiada, na sesión da Avaliación Final.</p> <p>- Tendo en conta a adquisición das competencias establecidas e a consecución dos obxectivos da etapa.</p> <ul style="list-style-type: none"> + Todo aprobado. + Con materias suspensas se se cumpren todas as condicións seguintes: <ul style="list-style-type: none"> • Media igual ou superior a 5. • Adquisición das competencias establecidas. • Obxectivos da etapa acadados.

Criterios do outorgamento de matrícula de honra (ESO)		
<p>Criterios xerais</p>	<p>Na Avaliación Final do 4º curso, decidirase o outorgamento de Matrícula de Honra segundo os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Se o alumno ten nota media do 4º curso igual ou superior a 9 puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. - Como máximo, un nº de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro no 4º curso. (1 MH: 0-29 alumnos; 2 MH: 30-49; 3 MH: 50-69;) <p>En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no 4º curso de ESO sexo inferior a 20, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.</p> <p>Haberá desempate se son dúas ou máis persoas baseándose na media máis alta nos 4 cursos da ESO.</p>	
<p>ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022</p>	<p>PÁXINA 1 DE 9</p>	<p>CENTRO: CPR. PLURILINGÜE ANGEL DE LA GUARDA</p>

1. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

1.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE MATEMÁTICAS DE 1º E 2º DA ESO ÁMBITOS PENDENTES

Prepararanse fichas de reforzo cos contidos mínimos requiridos para poder superar a materia.

- Daranse explicacións complementarias de recordo e reforzo dos contidos tendo en conta as diferentes dificultades de cada alumno/a, buscando activar a súa comprensión da materia e a destreza no desenvolvemento dos procedementos matemáticos precisos así como na resolución dos problemas básicos correspondentes ao curso.
- Comprobaranse os avances na adquisición de ditos coñecementos mínimos coa realización das probas que se precisen para demostralo; exames, test, preguntas orais...ao longo do tempo destinado á recuperación da materia..

PROCEDEMENTO PARA A ADQUISICIÓN DOS COÑECEMENTOS MÍNIMOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA DE MATEMÁTICAS de 3º e 4º DA E.S.O NO ÁMBITO DE MATERIAS PENDENTES.

Para conseguir que os alumnos con materias pendentes na área de **Matemáticas** nos diferentes cursos da E.S.O. acaden os mínimos, seguiranse as diferentes pautas que se detallan a continuación:

- a) Entregaráselle ó alumnado coa materia de matemáticas non superada no curso anterior diferentes boletíns cos principais conceptos teóricos que deben coñecer para superar a materia.
- b) Así mesmo, entregaráselle ó alumnado diferentes boletíns de problemas para comprobar o coñecemento e aplicación dos conceptos adquiridos do primeiro apartado.
- c) Explicacións de reforzo a cada alumno. Teríase en conta as diferentes capacidades e aptitudes de cada alumno para a adquisición dos coñecementos mínimos e as diferentes competencias necesarias para a superación da materia de cada alumno de maneira individualizada.
- d) Para comprobar se o alumno adquiriu os coñecementos mínimos e competencias necesarias para superar a materia de matemáticas realizaráselle un exame teórico-práctico no que terá que demostrar a adquisición dos coñecementos.

PROCEDEMENTO PARA A ADQUISICIÓN DOS COÑECEMENTOS MÍNIMOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA DE FÍSICA E QUÍMICA NA E.S.O NO ÁMBITO DE MATERIAS PENDENTES.

Para conseguir que os alumnos con materias pendentes na área de **Física e Química** nos diferentes cursos da

E.S.O. acaden os mínimos, seguiranse as diferentes pautas que se detallan a continuación:

- e) Entregaráselle ó alumnado coa materia de Física e Química non superada no curso anterior diferentes boletíns cos principais conceptos teóricos que deben coñecer para superar a materia.
- f) Así mesmo, entregaráselle ó alumnado diferentes boletíns de problemas para comprobar o coñecemento e aplicación dos conceptos adquiridos do primeiro apartado.
- g) Proporáselle ó alumnado o desenvolvemento de diferentes prácticas de laboratorio, con conceptos teóricos e prácticas para a posible aplicación dos diferentes conceptos teóricos anteriormente mencionados.
- h) Explicacións de reforzo a cada alumno. Terase en conta as diferentes capacidades e aptitudes de cada alumno para a adquisición dos coñecementos mínimos e as diferentes competencias necesarias para a superación da materia de cada alumno de maneira individualizada.
- i) Para comprobar se o alumno adquiriu os coñecementos mínimos e competencias necesarias para superar a materia de Física e Química, realizaráselle un exame teórico-práctico no que terá que demostrar a adquisición dos coñecementos.

-

PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º; 3º E 4º DA ESO ÁMBITOS PENDENTES

- Prepararanse fichas de reforzo cos contidos mínimos requiridos para poder superar a materia.
- Pequenos traballos que requiran revisar os contidos, traballar os temas dados e lograr a máxima comprensión daqueles temas aínda non afianzados polos alumnos/as.
- Daranse explicacións complementarias de recordo e reforzo dos contidos tendo en conta as diferentes dificultades de cada alumno/a, buscando activar a súa comprensión da materia e a destreza no desenvolvemento dos contidos temáticos mínimos correspondentes ao curso.
- Comprobaranse os avances na adquisición de ditos coñecementos mínimos coa realización das probas que se precisen para demostralo; exames, test, preguntas orais...ao longo do tempo destinado á recuperación da materia.

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DA RECUPERACIÓN DE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (ÁMBITOS PENDENTES)

Para a recuperación/superación da materia pendente o alumnado debe realizar unha serie de actividades de reforzo supervisadas pola docente coa finalidade de acadar a cualificación positiva na proba escrita final. O resultado deste seguimento será comunicado a cada titor/a para que sexan conscientes da súa consecución.

A continuación presentamos unha distribución das actividades preparadas para este alumnado, adaptadas ao nivel educativo correspondente (1º, 2º, 3º e 4º da ESO), así como confeccionadas aos distintos ritmos e

necesidades de cada alumno/a, en función das súas necesidades específicas:

- Realización de esquemas e mapas conceptuais dos conceptos teóricos necesarios para a superación das actividades e probas prácticas, tales como diferenciación entre os distintos tipos de xéneros literarios, as súas características e autores máis representativos, clasificación de categorías gramaticais ou as tipoloxías textuais, tanto da vida cotiá como da académica, máis habituais.
- Realización de actividades de carácter práctico para traballar os conceptos teóricos anteriores, así como a xustificación dos distintos tipos de xéneros literarios a través de textos dados, análise morfosintáctica de palabras e oracións ou as distintas relacións semánticas existentes.

Todas as actividades e os ritmos de traballo adecuaranse a cada alumno/a en función das súas necesidades en cada momento.

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DA RECUPERACION DE LINGUA GALEGA E LITERATURA (ÁMBITO PENDENTES)

Para a recuperación/superación da materia pendente o alumnado debe realizar unha serie de actividades de reforzo supervisadas pola docente coa finalidade de acadar unha cualificación positiva na proba escrita para a recuperación das distintas partes da materia. O resultado do seguimento do alumnado será comunicado aos/ás titores/as pertinentes para que sexan conscientes da súa consecución ou non.

A continuación preséntanse unha serie de actividades das entregadas a este alumnado, adaptadas ao nivel educativo correspondente (1º e 2º da ESO).

- Realización de esquemas/resumos das partes teóricas relacionadas cos conceptos necesarios para a súa posta en práctica (definicións de xéneros literarios, as súas características, trazos para recoñecelos; definicións de conceptos lingüísticos tales como clases de palabras, relacións semánticas)
- Realización de actividades prácticas co gallo de empregar a teoría previamente traballada, tales como xustificación dos distintos xéneros literarios a través de textos dados, uso e xustificación das distintas clases de palabras e análise das mesmas.

Estas actividades, tanto teóricas como prácticas, serán adaptadas aos distintos ritmos de traballo do noso alumnado segundo as necesidades particulares de cada un en cada momento.

PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DA RECUPERACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º e 2º da ESO

Para a recuperación da materia terase en conta o propio desenvolvemento do alumnado na materia, de tal forma que se conseguiu superar algunha parte da mesma (conseguindo mínimo un 4,5 na proba de avaliación), quedará exento de traballar eses contidos na recuperación. Do mesmo xeito, para conseguir que o alumnado supere as dificultades que o levaron a suspender a materia no período de avaliación, subministráraselle unha serie de materiais, os cales están planificados para que exercite de forma práctica os contidos que debe

recuperar (contando como data límite para a súa entrega o día da proba). Será recomendable que entreguen estas actividades antes desta data, xa que así poderán empregar estes recursos para repasar e preparar o exame. Estas actividades computarán o 20% da nota de recuperación (incentivando deste modo a súa realización e a preparación do exame), mentres que a nota restante (80%) dependerá dunha proba escrita. No procedemento final terán unha importancia os exercicios empregados para a preparación da recuperación, así como outras tarefas realizadas na aula ou presentes noutros exames (resoltos tamén na clase coa colaboración do alumnado). Por último mencionar que estas actividades e probas estarán adaptadas á realidade existente na aula, de tal forma que terán en conta a diversidade e a situación de cada persoa, de tal forma que o procedemento sexa asumible para todos os casos (cambiando o tipo de actividades, modificando o nivel de esixencia etc.

XEOGRAFÍA E HISTORIA 3º 4º da ESO

O primeiro paso no procedemento para o seguimento da recuperación das materias é unha coordinación vertical cos titores dos alumnos para valorar as súas situacións académicas, capacidades, actitudes... A continuación, falaremos cos alumnos explicándolles que van ter que traballar os contidos das materias pendentes a través de traballos, resumos, esquemas... para tratar de recuperar ditas materias pendentes. Logo, haberá que facer un seguimento dos alumnos para revisar con eles se están traballando e entenden o procedemento para recuperar as materias pendentes e establecer unhas datas para facer as probas de recuperación. Para a nota final de recuperación terase en conta tanto o traballo realizado polos alumnos ó longo do proceso como tamén o resultado das probas. Todo este proceso será acorde coas necesidades específicas de cada alumno para conseguir que acaden os obxectivos mínimos

PROCEDEMENTO PARA SEGUIMENTO A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS/ÁMBITOS PENDENTES.

LINGUA FRANCESA 1º, 2º ,3º e 4º da ESO

Co obxecto de acada-la recuperación da materia pendente de cursos anteriores, os alumnos-as seguirán un plan de reforzo das súas competencias e dos seus puntos fracos, adecuado ás súas necesidades persoais segundo o caso.

Levaranse a cabo actividades de reforzo máis sinxelas, centradas nos obxectivos mínimos e adaptadas ás características do alumno-a.

PLAN DE TRABALLO

- Daranse explicacións complementarias dos contidos tendo en conta as dificultades de cada alumno e tratando de acadar a súa comprensión da materia e a destreza no desenvolvemento dos contidos mínimos correspondentes ao curso.

-Proporcionaráselle a axuda necesaria para que o alumno mellore a súa destreza en pronunciación.

-Elaboraranse fichas de traballo que recollan os contidos mínimos e que conterán a explicación dos mesmos para facilitar o traballo e a comprensión.

-O alumno elaborará algún traballo relacionado coa cultura francesa.

-Para comprobar os avances na adquisición dos obxectivos mínimos levaranse a cabo probas tales como: exames, preguntas orais, exercicios de pronunciación e lectura...durante o tempo destinado á recuperación da materia.

-Dado que a materia de Lingua francesa é acumulativa, se un alumno aproba a primeira e segunda avaliacións do curso inmediatamente superior, considerarase que están superados os obxectivos do anterior polo que quedará automaticamente aprobada a materia pendente.

PROCEDEMENTO PARA SEGUIMENTO A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS/ÁMBITOS PENDENTES.

LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º E 4º ESO

Co obxecto de acadar-la recuperación da materia pendente de cursos anteriores, os alumnos-as seguirán un plan de reforzo das súas competencias e dos seus puntos fracos, adecuado ás súas necesidades persoais segundo o caso.

Levaranse a cabo actividades de reforzo máis sinxelas, centradas nos obxectivos mínimos e adaptadas ás características do alumno-a.

PLAN DE TRABALLO

- Daranse explicacións complementarias dos contidos tendo en conta as dificultades de cada alumno e tratando de acadar a súa comprensión da materia e a destreza no desenvolvemento dos contidos mínimos correspondentes ao curso.

-Elaboraranse fichas de traballo que recollan os contidos mínimos e que conterán a explicación dos mesmos para facilitar o traballo e a comprensión.

-O alumno elaborará algún traballo relacionado coa cultura e/ou literatura galega.

-Para comprobar os avances na adquisición dos obxectivos mínimos levaranse a cabo probas tales como: exames, preguntas orais, exercicios de pronunciación e lectura...durante o tempo destinado á recuperación da materia.

-Dado que os coñecementos en canto a gramática, expresión oral e escrita...son cíclicos e acumulativos, se un alumno aproba a primeira e segunda avaliacións do curso inmediatamente superior, considerarase que están superados os obxectivos do anterior polo que lle quedará automaticamente aprobada a materia pendente en canto á lingua e só terá que traballar e superar a parte correspondente á literatura, que é diferente nos temarios de 3º e 4º da ESO.

PROCEDEMENTO PARA SEGUIMENTO A RECUPERACIÓN DAS MATERIA.

INGLÉS 1º, 2º, 3º e 4º da ESO

O alumnado da ESO co inglés pendente do curso anterior contará co seguinte programa de recuperación:

Os alumnos/ as practicarán e reforzarán os contidos do curso pendente mediante a realización de actividades correspondentes á materia non superada, comezando no primeiro trimestre.

Para obter a cualificación final da materia pendente terase en conta a entrega dos traballos solicitados pola profesora, ademais das probas que se irán realizando ao longo do curso. O traballo realizado polo alumnado ao longo do curso, xunto cunha actitude positiva cara á materia, pregunta de dúbidas e traballo diario, repercutirá positivamente na cualificación da materia pendente.

Ademais, dado que no ensino de idiomas os contidos de etapas anteriores vanse reutilizando e completando cada curso, aqueles alumnos/as que aproben a 1ª avaliación do curso actual, daráselles por aprobado o Inglés pendente, e non terán que continuar co programa de recuperación proposto.

No caso de que os alumnos non superasen a primeira avaliación do curso actual, continuarían co programa de recuperación de pendentes e disporían dunha nova oportunidade presentándose á proba de Pendentes que terá lugar en maio. A proba escrita versará sobre as actividades realizadas durante o curso.

PROCEDIMENTO PARA SEGUIMIENTO DA RECUPERACIÓN DAS MATERIAS/ÁMBITOS PENDENTES curso 2021 – 2022, adaptación á LOMLOE.

En canto á especificación do procedemento para o seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes en relación á materia de **Educación Física na E.S.O.**, de cara ao curso seguinte, dende a miña actuación como profesor especialista, e no nivel de concreción curricular que nos comprende entre o segundo (planificación e temporalización de obxectivos didácticos, contidos, mínimos esixibles, procedementos, instrumentos e procesos de avaliación) e o terceiro nivel (desenvolvemento de aula, diarios de traballo, follas de rexistro, informes cuantitativos e cualitativos...), segundo a programación didáctica presentada ao inicio do curso, propoñemos:

Fase I)

- Rexistro, control e procesamento das diferentes avaliacións (cuantitativas e cualitativas: mínimos esixibles, contidos mínimos, obxectivos mínimos de curso e etapa) realizadas ao longo do presente curso.
- Rexistro, control e procesamento dos informes do gabinete psicopedagóxico e do dpto. AL/PT para o seguimento do alumno/a.
- Rexistro, control e procesamento das reunións mantidas ao longo do curso, co titor/a e coa familia do alumno/a (de selo caso).

Fase II)

- Análise da situación particular do alumno/a na materia/ámbito en cuestión por medio do titor/a, orientador/a, AL-PT e o futuro titor/a.
 - o Posta en común da información en reunión entre profesor/a e titor/a.
 - o Posta en común en reunión cos anteriormente citados.
 - o Posta en común en reunión coa familia (de selo caso).

Fase II)

- Realización de reforzos específicos e individualizados na materia/ámbito de Ed. Física, por parte do profesor/a especialista, dpto. AL/PT e Orientación Escolar, de selo caso.
- Implicar á familia na información previa de todos estes pasos a seguir, reforzos, e medidas a levar a cabo; así como no seguimento e control das mesmas durante a parte final do presente curso (avaliación final) e ao comezar o vindeiro curso (reunión previa ao inicio do vindeiro curso).

Medidas específicas de recuperación da materia:

Parte A) Teórica:

- Realizar un traballo de investigación ou exposición sobre os contidos non superados.
- Realizar unha proba escrita sobre os contidos teóricos non superados.

Parte B) Práctica – colaborativa:

- Realizar unha/varias probas físicas (indicadas previamente ao final de curso) sobre os contidos non superados.

1.2. **No período abarcado entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final** dedicarase a realización de actividades de recuperación das materias non superadas durante o curso mediante traballos, probas etc. así como actividades de ampliación e titoría para aqueles alumnos que superaron todas as materias.

2. Aprobación e publicidade

2.1. Aprobación	O procedemento que o centro adoptou para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/2022. Aprobación no Claustro.
2.2. Publicidade	Darase publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas mediante. <ul style="list-style-type: none"> • A publicación na páxina web do centro con data 25 de abril do 2022. • Informarase ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través da plataforma do centro EDUCAMOS.